

## SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 1º BACH

### SEMANA 14-17 ABRIL

#### 1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

#### 2. Conxuga o infinitivo nas seguintes oracións, atendendo á persoa indicada.

*Por non chamar (ti) chegamos tarde.*

Por non **chamares** chegamos tarde.

*De chegar (nós) a tempo, mandarémovos aviso.*

De **chegarmos** a tempo, mandarémovos aviso.

*Sen facer (ela) o que debe nunca terá bos resultados.*

Sen **facer** o que debe nunca terá bos resultados. (A forma de P3 equivale á do infinitivo invariábel).

*Sempre foi difícil organizar (eles) ese campionato.*

Sempre foi difícil **organizaren** ese campionato.

*Non as obrigues a facer (elas) o que non queren.*

Non as obrigues a **facer** o que non queren

*De aprobar (eles) este último exame, terán o curso superado.*

De **aprobaren** este último exame, terán o curso superado.

*Con deixar (ti) aviso en conserxería xa che amañarán o problema.*

Con **deixares** aviso en conserxería xa che amañarán o problema.

*Por deixar (vós) o ordenador aceso toda a noite do luns, perdestes toda a información.*

Por **deixardes** o ordenador aceso toda a noite do luns, perdestes toda a

#### 3. Conxuga os infinitivos das seguintes oracións sempre que sexa posíbel; se nalgún caso non é posíbel, indica a razón.

*Puxécheste triste por oír que marchaban a traballar fóra?*

Puxécheste triste por **oíres** que marchaban a traballar fóra?

*Sentir odio por alguén é algo moi difícil de explicar.*

O infinitivo non se pode conxugar porque ten valor impersoal.

*Sei que se sentiron mal por enfadarse tanto onte*

Sei que se sentiron mal por **enfadárense** tanto onte .

*Tedes que loitar para que vos dean a subvención.*

O infinitivo non se pode conxugar porque forma parte dunha perífrase verbal.

*De madrugada oínvos chegar.*

O infinitivo non se pode conxugar porque depende dun verbo de sentido.

*A grande alegría que sentían foi o motivo de bailar toda a noite na romaría.*  
A grande alegría que sentían foi o motivo de **bailaren** toda a noite na romaría.

*De marchar antes ca nós, avisádenos.*  
De **marchardes** antes ca nós, avisádenos.

*Ao aparecer ti na festa, Olga púxose toda nerviosa.*  
Ao **apareceres** ti na festa, Olga púxose toda nerviosa.

*Prohibido fumar.*  
Infinitivo non se pode conxugar porque vai rexido por un verbo causativo.

*Sen facer o que nos tiña mandado Mario, non o poremos contento.*  
Sen **facermos** o que nos tiña mandado Mario, non o poremos contento.

## 2ª SESIÓN:

### 5. Localiza e clasifica as perífrases verbais:

Nalgún momento todos **temos que facer** (modal de obriga) algo que nos custa **dar rematado** (aspectual perfectiva).

Despois de tres intentos, **acabou por sacar** o carné. (aspectual terminativa).

Moito **levo estudado** (aspectual reiterativa) para este exame e aínda **vou seguir** (temporal futuridade xeral) ata a noite.

O tren **ha de saír** (temporal de futuridade xeral ou modal hipotética) ás sete, así que **debes recollerme** (modal de obriga) unha hora antes.

Non sei que lle pasou, pero **botouse a correr** (aspectual inocativa) e non parou ata chegar á casa.

Non **deben de entenderse** (modal hipotética) moi ben, pois **levan berrando** (aspectual imperfectiva) toda a tarde.

Onte **houben caer** (temporal futuridade inmediata) na beirarrúa, pero afortunadamente axudoume Ricardo que **estaba a limpar** (aspectual imperfectiva) os cristais.

Vese moi débil a Saínza, pois **vén de pasar** (aspectual perfectiva) unha semana enferma.

Por fin **dei rematado** (aspectual perfectiva) este libro!

Parece que **quere saír** (temporal futuridade inmediata) o sol, así que **vai poñendo** a roupa no balcón (aspectual imperfectiva).

7. Completa os enunciados usando unha perífrase do tipo indicado que teña como verbo auxiliado unha forma do infinitivo indicado entre parénteses, como no exemplo.

Existen varias posibilidades, propoñémosvos algunha.

... (LER, Modal de obriga) máis e así ...  
(ENTENDER, Futuridade xeral) mellor

Tes que ler máis e así **vas entender** mellor.

Cecilia xa ... (SEMENTAR, Aspectual reiterativa) neste campo, pero agora, coa xeada, ... (BUSCAR, Aspectual imperfectiva) unha zona mellor.

Cecilia xa **volveu sementar** neste campo, pero agora, coa xeada, **anda a buscar** unha zona mellor.

Custoulles o seu, pero finalmente ...  
(REMATAR, Aspectual imperfectiva) o traballo pola mañá.

Custoulles o seu, pero finalmente **van rematando** o traballo pola mañá.

Xa sei que ti ... (FACER, Modal hipótese) todo ben se queres.

Xa sei que ti **podés facer** todo ben se queres.

O pasado luns Santiago .... (TRABALLAR, Aspectual perfecta), pero nun mes ... (COMEZAR, Futuridade xeral) de novo.

O pasado luns Santiago **deixou de traballar**, pero nun mes **vai comezar** de novo.

.... (CHEGAR, Futuridade inmediata) o outono. Non sentes que xa ... (IR, Aspectual incoativa) fresco?

**Está a chegar** o outono. Non sentes que xa **comeza a ir** fresco?

A mestra ... (LEVANTAR, Aspectual terminativa) o castigo ao seu alumnado.

A mestra **rematou por levantar** o castigo ao seu alumnado.

Diego ... (XOGAR, Aspectual imperfectiva) toda a tarde e ... (REMATAR, Modal hipotética) canso.

Diego **andou a xogar** toda a tarde e **debeu rematar** canso